



As portas interiores moitas veces están feitas dunha madeira excelente –castiñeiro, por exemplo– e moi ben construídas; pódense aproveitar nas novas vivendas e a súa forma é sempre especial respecto ao que nos ofrece o mercado actual.



As carpinterías interiores

34. Como son as antigas?

As portas de paso dun cuarto a outro que atopamos nas vivendas son de madeira maciza, pois antes non existía outra forma de construílas. En xeral, están formadas por un bastidor e uns entrepanos de madeira aloxados ou ensamblados neste. A madeira empregada na súa construción era, en moitos casos, de castiñeiro e, debido á súa idade, era xa unha madeira case inalterable. Se as portas non están torcidas xa non se torcerán se as coidamos, e o que non atacou a couza é difícil que o ataque no futuro.

35. Como as fan agora?

Podemos atopar portas de madeira maciza, pero son caras. As portas de paso que habitualmente se empregan están formadas por un bastidor interior de madeira de piñeiro ou de aglomerado de fibra de madeira, unha estrutura de cartón enchendo os entrepanos e un forro lixeiro contrachapado por ambas as caras, rematado cunha delgada folla de madeira de calidade, que é o que vemos ao exterior, para vernizar ou de menor calidade, para pintar. As molduras das novas están xeralmente encoladas, non son froito da sofisticación dos ensambles.

36. É importante conservar as existentes?

Se están nun estado aceptable, será fácil reparalas e pintalas ou darlles de novo calquera acabado. Non debemos esquecer que a súa madeira xa é moi estable, que nos proporcionarán maior illamento contra o ruído que as portas ocas que podemos atopar agora, que sempre serán portas "especiais" pois case todas son distintas porque están feitas por mans diferentes, e que é mellor reutilizar as cousas que seguir a estragar a enerxía e os recursos que temos desperdiciando obxectos moi valiosos e aínda útiles.